

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2022**Primeiro.- Definición.**

Estas bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión das subvencións da Concellería de Servizos Sociais para o ano 2022 dacordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Búscase ademais, nestes momentos de crisis económica, eficiencia na asignación e reparto dos recursos existentes para a realización de programas e actividades que complementen ou suplan aos de competencia municipal, non serán subvencionables as actividades que xa sexan ofertadas polo Concello de Redondela.

Aplicando o principio de igualdade e non discriminación por razón de sexo vaise a tener en conta a composición das xuntas directivas das entidades solicitantes co fin de conseguir que a igualdade entre homes e mulleres sexa real e efectiva no tecido asociativo do concello.

Segundo.- Obxecto da subvención.

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto regular a concesión de subvencións para o desenvolto de programas de servizos sociais para o ano 2022, ás asociacións ou entidades legalmente constituídas que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Redondela cuxos fins estatutarios se atopen expresamente vencellados á finalidade das presentes bases e convocatoria, que leven a cabo programas no término municipal de Redondela ou que interveñan coa poboación empadroadada no municipio, vencelladas ás seguintes liñas de traballo:

- De prevención da exclusión social ou promoción da inclusión social e accesibilidade.
- De promoción do voluntariado social.
- De atención a infancia en colectivos que traballen con crianzas redondelás.
- De prevención do aillamento social das persoas maiores do noso municipio.
- De prevención e promoción de hábitos saudables.

Terceiro.- Importe da subvención.

O crédito global que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 10.000 euros con cargo á partida 2311A/4890000 do orzamento vixente.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal cuantía que, ailladamente ou en concurrencia con subvencións ou axudas de outras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, superen o custe total da actividade a desenrolar pola entidade beneficiaria. Se así fora, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Asemade, toda alteración das condicións para a concesión da subvención poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo de concesión.



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente pública ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo con outras subvencións concedidas polo Concello de Redondela ou convenios de colaboración firmados co Concello.

Cuarto.- Entidades beneficiarias.

Terán a consideración de entidade beneficiaria das subvencións destas bases e convocatoria todas as asociacións e colectivos legalmente constituídos que figuren inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Redondela, e que entre os obxectivos estatutarios figuren expresamente os establecidos no artigo segundo.

Para poder ser beneficiaria desta subvención as asociacións deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser unha entidade sin ánimo de lucro.
- b) Ter debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ben ter solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ter presentado unha renuncia polo escrito.
- c) Levar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Redondela como mínimo 6 meses dende a data de publicación destas bases e convocatoria.
- d) Estar ao corrente das súas obrigacións fiscais co Concello de Redondela.

O Concello de Redondela xestionará de oficio o certificado municipal de estar inscrito no rexistro municipal de asociacións e o certificado municipal de estar ao corrente das obrigacións fiscais coa Administración Local. Ademais, naqueles casos nos que sexa obrigatorio, e sempre que o/a representante da asociación autorice ao concello, incorporaranse os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda Estatal e Facenda Autonómica.

En ningún caso podrán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases e convocatoria en quen se dé algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto.- Documentación.

Dacordo co recollido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación e tramitación desta subvención farase exclusivamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Redondela, debendo proceder a súa firma a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal>). No caso de que as entidades realicen a súa solicitude en papel, se lle requirirá a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica, considerando como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizada a subsanación e que deberá realizarse dentro do prazo que se recolle na base seguinte.



As solicitudes vendrán inexcusablemente acompañadas da documentación indicada no propio modelo normalizado da solicitude. Deberá presentar a documentación de xustificación conxuntamente coa solicitude.

Se as entidades non reúnen os requisitos exixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, se lles requirirá para que subsanen as deficiencias en dez días, con indicación expresa que se non o fixesen, se lles terá por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, dacordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As notificacións serán electrónicas a través da sede electrónica do Concello de Redondela enviándose á conta de correo electrónico que conste na solicitude. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. A notificación se entenderá rexeitada cando transcorren dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Sexto.- Prazo de solicitude.

Estas bases e convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de Redondela (www.redondela.gal) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. O prazo de solicitude e xustificación será ata o 9 de decembro..

Séptimo.- Concesión de subvencións.

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concorrência competitiva polo que a súa concesión realizarse mediante a comparación das solicitudes presentadas e dos anexos que as acompañan, coa la finalidade de establecer unha prelación entre elas dacordo cos seguintes criterios de valoración e adxudicar as subvencións segundo as valoracións, tendo sempre como límite a dispoñibilidade presupuestaria mencionada no artigo Terceiro.

As entidades solicitantes poderán solicitar axudas para un máximo dunha actividade.

VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES:

2.Repercusión no municipio téndose en conta o número de participantes por programa dacordo coa seguinte táboa:

Participantes	Puntuación
Entre 0 e 12	10
Entre 13 e 25	20
Entre 26 e 35	30
Máis de 35	40



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

2. Duración no tempo das actividades a realizar dacordo co seguinte baremo:

Duración	Puntuación
Máis de 100 horas	40
Entre 51 e 100 horas	30
Entre 25 e 50 horas	20
Menos de 25 horas	10

3. Tipo de actividade dacordo co seguinte baremo:

Duración	Puntuación
Prevención da exclusión social ou promoción da inclusión social e accesibilidade	40
Promoción do voluntariado social	20
Traballo colectivos infancia	30
Prevención do aillamento social das persoas maiores	30
Prevención e promoción de hábitos saudables	30

4. Composición da xunta directiva:

Paridade	Puntuación
≤ 20% da directiva integrada por mulleres	5
> 20 % e < 40% da directiva integrada por mulleres	10
40% o máis da directiva integrada por mulleres	20

A cantidade prevista no artigo Terceiro para estas subvencións dividirase entre a suma da puntuación obtida por todas as actividades para as que se solicita a axuda. A ratio desa división multiplicarase polos puntos obtidos na valoración de cada actividade, sendo o dito resultado o importe da subvención que se proporá outorgar polo Concello.

O importe da subvención reducirase, en todo caso, ata o importe solicitado pola entidade no caso de que este sexa inferior.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal cuantía que, ailladamente ou en concurrencia con subvencións ou axudas de outras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custe total da actividade a desenrolar pola entidade beneficiaria.

Octavo.- Procedemento.

A instrucción do procedemento corresponderalle á funcionaria do Departamento de Servizos Sociais, Purificación Hermelo Iglesias, ou na súa ausencia ao/á funcionario/a que propoña Alcaldía, quen executará de oficio cantas actuacións estime precisas para a determinación,



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución. Tamén será a encargada de requirir ás entidades solicitantes a corrección de deficiencias.

Realizarase un certificado acreditativo das solicitudes presentadas.

Avaliadas as solicitudes pola instructora según os criterios, formas e prioridades establecidas nestas bases e convocatoria, levarase a unha comisión de valoración integrada pola Alcaldesa, Dona Digna Rosa Rivas Gómez, que actuará como presidenta, a concelleira Dona Iria Vilaboa Álvarez e a concelleira Dona Olga María García Ballesteros, actuando como suprentes Dona María Castro Abad e Don Alberto Alvarez Pérez e dúas persoas traballadoras do Concello, Dona Rosalia Castro Sabugueiro e a funcionaria instructora do procedemento, que actuará como Secretaria con voz pero sen voto. No caso de ter que variar as persoas da comisión ou de nomear suprentes, designaranse por Resolución de Alcaldía.

A instructora, trala acta da comisión, formulará propostas de resolución provisional debidamente motivada.

No caso de que na valoración a comisión ou a instructora utilizarán datos diferentes dos aportados polas entidades, abrirase un prazo de dez días para que todas as entidades interesadas poidan presentar as alegacións que estimen oportunas. Tras examinar as alegacións presentados, de ser o caso, o órgano instructor formulará propostas de resolución definitiva.

De non presentarse alegación, no en caso de que este trámite non fora necesario con arranxo a estas bases e convocatoria, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, debendo expresar as entidades solicitantes para as que se propón a concesión de subvencións e a súa cuantía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala. Xunto coa proposta, a instructora emitirá un informe no que se establezca que da información que consta no seu poder se desprende que as entidades beneficiarias cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Noveno.- Resolución.

Posteriormente, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización dacordo co Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Ley reguladora das facendas locais.

A partir da proposta e tralo informe da Intervención Municipal, a Alcaldía concederá as subvencións mediante Resolución na que se especifique a relación de entidades ás que se lles concede a axuda e a desestimación das restantes solicitudes.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación dacordo co establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xuzgado do Contencioso-Administrativo de Vigo dentro do

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WSOWP708OKOT23XJ



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, conforme aos artigos 8.1 y 46.1 da Lei 29/98, de 3 de xuño, Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, dacordo co artigo 24.2 da Lei 39/2015, puidendo entón as entidades interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, dacordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/98.

Todo isto sen perxuizo de que, se se considera convinte, interpoña outros recursos procedentes. Sinalando que, a interposición de recursos non suspende a execución do acto administrativo, sen perxuizo do disposto no artigo 117.2 da LPAC.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuir a totalidade do crédito.

O prazo máximo para resolver será de tres meses contados a partir da finalización do prazo para a solicitude das subvencións. Transcurrido o dito prazo, as entidades solicitantes ás que non se lles notifique resolución expresa, entenderán que a súa solicitue foi denegada.

As axudas teñen carácter voluntario e polo tanto non existe a obriga de concesión a todas as solicitudes que se presenten. Non xerarán ningún dereito á obtención de outras subvencións en anos anteriores, e non se poderán alegar como precedente.

Décimo.- Prazo de notificación.

O outorgamento das subvencións se notificarán ás entidades interesadas dacordo co establecido nos artigos 40, 41, 42 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non houberse manifestado o contrario, entenderase que acepta a subvención quedando suxeita aos deberes derivados da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fins de lucro.

Undécimo.- Deberes das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias das subvencións terán que aterse aos seguintes deberes:

1. Cumprir co obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións dacordo coa memoria presentada.
2. Xustificar ante o Concello de Redondela o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeira que poidan realizar os órganos de control competentes, acercando canta información lle sexa requerida no exercizo das actuacións anteriores.

4. Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.

5. Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios e fronte á Seguridade Social.

6. Facer constar naquelas actividades que así o permitan, que conte coa subvención do Concello de Redondela, na publicidade impresa deberá constar o escudo e o nome do Concello de Redondela.

7. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

8. Desenrolar a actividade subvencionada coa poboación de Redondela.

9. As persoas xurídicas deberán estar válidamente constituídas e rexistradas.

Se a entidade beneficiaria fora deudora con motivo dunha débeda vencida, líquida e exixible, a Alcaldía poderá acordar a compensación.

Ao mesmo tempo, non será posible efectuar ningún pagamento por concesións de subvencións cando houbera transcorrido o período de tempo para xustificar a aplicación de fondos sen que se cumprira este requisito.

O Concello de Redondela poderá, en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención, solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Duodécimo.- Xustificación e pagamento.

A xustificación, que será baixo a responsabilidade da entidade declarante, presentarase conxuntamente coa solicitude e será obrigatoria para o libramento dos fondos por parte do concello, suporá a acreditación do cumprimento do obxecto da subvención concedida. Coa xustificación deberase notificar o importe do resto dos fondos que financien a actividade subvencionada, así como a súa procedencia.

A súa vez, aquelas entidades beneficiarias ás que se lles outorgara unha subvención que superase os 3.000 euros, deberán remitir certificado de atoparse ao corrente de pago das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social salvo que autoricen a Concello a que recabe eses datos. O resto de entidades beneficiarias presentará unha declaración responsabel dacordo co establecido no artigo 24.4 del RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WSOWP708OKOT23XJ



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

As facturas presentadas serán escaneadas das orixinais. Deberán gardar relación co obxecto da subvención e correspondentes ao período para o que esta foi concedida. As facturas deberán conter os seguintes datos:

1. Emisión da persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e dirección fiscal.
2. Identificación completa do/a proveedor/a, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e dirección fiscal.
3. Número de factura.
4. Lugar e data da emisión da factura.
5. Descrición suficiente do suministro realizado ou do servizo prestado, reflexando as unidades obxecto do servizo ou suministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cuota do IVE.
6. Período que corresponda.

Deberá acreditarse a xustificación do seu pagamento obrigatoriamente a través dun documento bancario.

Se para desenvolver a actividade motivo de subvención, se requiriu da contratatación directa dun profesional, deben xustificar a súa alta na Seguridade Social durante o período subvencionado mediante unha copia da vida laboral do profesional ou outro documento acreditativo de tal situación.

No caso de xustificar o gasto mediante nóminas, estas deberán vir acompañadas dun certificado da/do Secretaria/o da entidade beneficiaria no que se estableza cal é o porcentaxe do importe da dita nómina que se lle imputa á xustificación. A xustificación de gastos salariais non serán admisibles se estes se refiren ao persoal que se atope en situación de incapacidade temporal se esta supera o mes ou en ERTE.

Para o caso de xustificación de seguros sociais a cargo da entidade beneficiaria presentarse a relación nominal de persoas traballadoras e o recibo de liquidación de cotizacións dos meses que se presenten na xustificación da subvención e se non se deduce claramente da nómina, deberá constar certificado do/da Secretaria/o no que se estableza a cuantía imputable á xustificación. Este importe deberá ser acorde coa cantidade imputada do salario da/do empregada/o.

Os documentos xustificativos corresponderán a gastos realizados dende o comenzo da/das actividade/es subvencionadas ata que remate o prazo de xustificación.

Só serán gastos subvencionables os que respondan de maneira indudable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido e que ademáis estén efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo en casos de pagos a conta.

Quedan expresamente excluídos os seguintes gastos:



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

1. Os gastos de inversión, equipación ou inventariables.
2. Os gastos de funcionamento, os gastos corrientes, os gastos de actividades de carácter cultural e/ou deportivo correspondentes a actividades xa subvencionadas, no mesmo exercizo, a través doutras convocatorias de subvencións do Concello de Redondela ou a través de convenios firmados co Concello.
3. As cantidades satisfeitas ao Concello de Redondela polo uso das instalacións.
4. Os impostos directos o indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
5. Os intereses deudores de contas bancarias, os intereses, recargos e sancións administrativas ou xudiciais nin os gastos que puideran producir os seus respectivos procedementos.
6. Calquera imposto, taxa, precio público ou cantidade que debера satisfacerse por norma de rango legal ou reglamentario ao Concello de Redondela.
7. As festas gastronómicas e as festas populares.
8. Os agasallos.
9. Os gastos incompatibles coa aplicación orzamentaria á que se imputa o gasto destas bases e convocatoria.

Se as axudas doutras Administracións Públicas son superiores ás previstas ou declaradas pola entidade beneficiaria no momento da solicitude e fan que superen, xunto coa subvención destas bases e convocatoria, a conta total de gastos, o importe da subvención verase reducido na cantidade que corresponda para que o gasto non sexa inferior ás axudas.

O importe xustificado será como mínimo o importe subvencionado. No caso de que a entidade beneficiaria non xustifique a totalidade do gasto da subvención concedida realizárase o libramento dos fondos polo importe xustificado, sempre e cando se cumpra co resto dos requisitos destas bases e convocatoria,

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano instructor da Base octava procederá á valoración de se, coa xustificación presentada por cada entidade beneficiaria, cumprese coa finalidade básica da subvención. Posteriormente, de ser favorable a valoración, as xustificacións e a propota que elaborará a Concelleira de Igualdade a partir de ditas valoracións, fiscalizaranse pola Intervención Municipal.

Trala xustificación, a proposta da Alcaldesa e a fiscalización da Intervención Municipal, o órgano competente resolverá facendo mención expresa a que se comprobou a realización da actividade e o cumprimento da xustificación e nese caso, propondrase que se lle reconozca a obriga e que se efectúe o correspondente pago.

O pago da subvención acadará o 70% do importe xustificado, sendo o límite a cantidade concedida. No caso de que a entidade beneficiaria non xustifique a totalidade de gasto da



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

subvención concedida realizarase o libramento dos fondos polo importe xustificado, sempre e cando se cumpran co resto dos requisitos destas bases e convocatoria.

Decimoterceiro.- Publicidade do procedemento da concesión da subvención das bases e convocatoria.

Procederáse á publicación no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Redondela, no Taboeiro electrónico de Anuncios do Concello e na páxina web das bases de datos nacional de subvencións. Ao mesmo tempo cando algunha das subvencións concedidas a unha entidade beneficiaria sexa superior a 3.000 euros procederáse á publicación no Diario Oficial de Galicia dun extracto do acordo de concesión das subvencións indicando os lugares onde se atope exposto o seu contido íntegro. En todo caso, o acordo de concesión exporase polo prazo de 30 días no Taboeiro electrónico de Anuncios do Concello onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, as entidades beneficiarias, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

De igual xeito, será obxecto de publicación na base de datos nacional de subvencións, dacordo co artigo 20.5 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 4 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Protección de datos de carácter persoal.

As persoas solicitantes interesadas autorizarán a cesión dos datos á Base de Datos Nacional de Subvencións dependente da Intervención Xeral da Administración do Estado.

O seu contido terá carácter reservado, sendo de aplicación, no referente ao dereito de acceso, dacordo co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o acceso ao seu contido realizarase segundo os procedementos e co ámbito establecido no artigo 20.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Cando se publicasen datos persoais das persoas físicas beneficiarias, cumpríranse en todo caso, os principios e a normativa de protección de datos, incluíndo a forma na que se publicarán ditos datos persoais identificadores do beneficiario.

Os datos persoais publicados serán exclusivamente os necesarios para o fin do tratamento.

Con todo, non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando:

a) A información contida na BDNS ou o propio obxecto da convocatoria proporcione información ou datos especialmente protexidos dos beneficiarios ou relativos ás categorías especiais de datos relacionados nos artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

b) A persoa física atópase nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou doutras formas de violencia contra a muller.

Todo elo nos termos do artigo 7.5 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións demáis axudas públicas.

Decimocuarto.- Devolución e reintegro da subvención.

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- A declaración xudicial ou administrativa de nulidade o anulación da subvención, que levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.
- Tamén procederá o reintegro ds cantidades percibidas e a exixencia do interés de demora correspondente, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, desde o momento de pago da subvención ata a data na que se acuerde a procedencia do reintegro. As cantidades reintegradas terán o carácter de dereito público.

Decimoquinto.- Inspección e control.

O Concello de Redondela, a través da Intervención Municipal, poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a súa documentación xustificativa. Ao mesmo tempo será de aplicación o Título III da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Decimosexto.- Infracciones e sancións.

Estas bases e convocatoria queda en materia de infraccións e sancións ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo séptimo.- Réximen xurídico aplicable.

Estas bases e convocatoria e as subvencións que se concedan dacordo con elas efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

1. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local.
4. Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
5. Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

6. Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento dea Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
7. Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
8. Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela.
9. As bases de execución do Orzamento deo Concello de Redondela.
10. Demáis normativa aplicable.



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

**SUBVENCIONES PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE SERVICIOS
SOCIAIS PARA O ANO 2022****Solicitud de subvención (Anexo I)**

Referencia (a cubrir pola Administración)

.Datos de la entidade solicitante

Nome			
CIF			
Dirección (rúa,número, localidade)		Código postal	
Teléfonos			
Correo electrónico			

.Datos da persoa representante da entidade

Nome e apelidos		NIF	
Cargo do/a representante		Teléfono	
Dirección (rúa, número,localidade)			

EXPÓN:

- Que acepta, despois de ler e coñecer, a convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de programas de Servizos Sociais para o ano 2022.
- Que os datos indicados na solicitude son certos.
- Que autorizo ao Concello de Redondela a obter os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda da Xunta.

SOLICITA:

Que se lle conceda una subvención polo importe de _____ euros para a realización da actividade que se detalla no Anexo II conforme á convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas de Servizos Sociais para o ano 2022.

Documentación que se achega

- ☐ Modelo de solicitude (Anexo I).
- ☐ Memoria explicativa do proxecto (Anexo II).
- ☐ Modelo de solicitude de xustificación (Anexo III).
- ☐ Memoria xustificativa (Anexo IV).
- ☐ Declaración doutras axudas (Anexo V).
- ☐ Declaración expresa responsable (Anexo VI).
- ☐ Designación de conta bancaria (Anexo VII).
- ☐ Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- ☐ Fotocopia compulsada do DNI da persoa representante.
- ☐ Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade na que figure a relación de membros da xunta directiva actual.
- ☐ Factura/s ou nóminas (orixinais ou compulsadas), acreditativas dos gastos realizados e xustificantes do seu pago.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WSOWP708OKOT23XJ



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia n.º 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria para el desenvolvemento de programas de servizos sociais para o ano 2022.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopan vixentes durante o período de vixencia destas bases, lle informamos que este Concello é responsable do tratamento e garda dos datos aportados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que teñan que facilitar en cumprimento dunha obriga legal.

Os datos conservaranse o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirarse o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao domicilio electrónico: dpd@redondela.gal.

Así mesmo, lle informamos do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Asemade, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Redondela, ____ de _____ de 202__

Fdo.: A/o Presidenta/e ou representante legal da entidade.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DEL ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: WSOWP708OKOT23XJ



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

**SUBVENCÍONS PARA EL DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE SERVICIOS
SOCIAIS PARA O ANO 2022****Memoria da actividade ou programa (Anexo II)**

Referencia (a cubrir pola Administración)

Entidade	
-----------------	--

Denominación, obxectivos e descrición:

.Denominación da actividade ou programa
.Obxectivos
.Descrición da actividade ou programa
.Actividades que se van a realizar
.Lugar de celebración

Calendario da actividade ou programa	
Data de inicio	
Data de finalización	
Horarios da actividade	
Material a utilizar	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WSOWP708OKOT23XJ



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

Días de impartición																															
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
E																															
F																															
M																															
A																															
M																															
X																															
X																															
A																															
S																															
O																															
N																															

Número de persoas participantes			
☐ Entre 0 e 12	☐ Entre 13 e 25	☐ Entre 26 e 35	☐ Máis de 35

Duración no tempo	
☐ Menos de 25 horas	☐ Entre 25 e 50 horas
☐ Entre 51 e 100 horas	☐ Máis de 100 horas

Detalle do orzamento estimativo de gastos e ingresos

Concepto de gastos	Importe
Total Gastos	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
 Código seguro de verificación: WSOWP708OKOT23XJ



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

Concepto de ingresos	Importe
Outras subvencións de entes públicos (este importe coincidirá co total consignado no Anexo IV).	
Achegas propias da entidade solicitante.	
Subvención solicitada ao Concello de Redondela.	
Total ingresos (esta cantidade deberá coincidir co total de gastos)	

Tipo de actividade (A cubrir pola Administración)
☐ De prevención da exclusión social ou promoción da inclusión social e accesibilidade.
☐ De promoción do voluntariado social.
☐ De atención á infancia en colectivos que traballen con nenos e nenas de Redondela.
☐ De prevención do aillamento social das persoas maiores do noso municipio.
☐ De prevención e promoción de hábitos saudables.

Redondela, ____ de _____ de 202__

Fdo.:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DEL ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

**CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O
DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO
2022****Solicitud de xustificación da subvención (Anexo III)****Datos de la entidade solicitante**

Nome			
CIF			
Dirección (rúa, número, localidade)		Código postal	
Teléfonos			
Correo electrónico			

Datos da persoa representante da entidade

Nome e apelidos		NIF	
Cargo do/da representante		Teléfono	
Dirección (rúa, número, localidade)			

EXPÓN:

- Que no ano 202_ obtivo unha subvención do Concello de Redondela polo importe de _____ euros, para a actividade/programa _____.
- Que a subvención foi destinada ao fin para ao que se concedeu.
- Que a entidade cumpriu con todas as obrigas do artigo Undécimo das subvencións.

SOLICITA:

Que conforme á convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas de Servizos Sociais para o ano 2022 lle sexa satisfesita a axuda a fin de sufragar o gasto da actividade ou programa.

Documentación que presenta

- Modelo de solicitude (Anexo I).
- Memoria explicativa do proxecto (Anexo II).
- Modelo de solicitude de xustificación (Anexo III).
- Memoria xustificativa (Anexo IV)
- Declaración doutras axudas (Anexo V)
- Declaración expresa responsable (Anexo VI).
- Designación de conta bancaria (Anexo VII).
- Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- Fotocopia compulsada do DNI da persoa representante.
- Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade na que figure a relación de membros da xunta directiva actual.
- Factura/s ou nóminas (orixinais ou compulsadas), acreditativas dos gastos realizados e xustificantes do seu pago.



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

Nº	PROVEEDOR	CONCEPTO	IMPORTE (€)

Redondela, ____ de _____ de 202__

Fdo.: A/o Presidenta/e ou representante legal da entidade.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DEL ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WSOWP708OKOT23XJ



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

**CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O
DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO
2022****Xustificación: Memoria da actividade/programa realizado (Anexo IV)**

Entidade	
-----------------	--

Denominación, obxectivos e descrición:

Denominación da actividade ou programa
Obxectivos
Descrición
Actividades realizadas
Lugar de celebración

Calendario da actividade ou programa	
Data de inicio	
Data de finalización	
Horario	
Duración da actividade (horas)	
Número de participantes	
Materiais empregados	



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

Días de impartición																																
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	
E																																
F																																
M																																
A																																
M																																
J																																
J																																
A																																
S																																
O																																
N																																

Detalle do orzamento de gastos e ingresos

Concepto Gastos		Importe	
Total Gastos			
(A cubrir pola Administración)		(A cubrir pola Administración)	
Gastos Totales previstos		Gastos totales realizados	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WSOWP708OKOT23XJ



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

Concepto Ingresos		Importe	
Outras subvencións de entes públicos (este importe coincidirá co total consignado no Anexo II)			
Recursos propios da entidade solicitante			
Subvención solicitada ao Concello de Redondela			
Total ingresos (deberá coincidir co total do orzamento de gastos)			
(A cubrir pola Administración)		(A cubrir pola Administración)	
Ingresos Totales previstos		Ingresos totales realizados	

Tipo de actividade (A cubrir pola Administración)
☐ De prevención da exclusión social ou promoción da inclusión social
☐ De promoción do voluntariado social
☐ De conciliación da vida laboral, familiar e persoal
☐ De atención á infancia en colectivos que traballen con nenos e nenas de Redondela.
☐ De prevención do aillamento social das persoas maiores do noso municipio.

Redondela, ____ de _____ de 202__

Fdo.: A/o Presidenta/e ou representante legal da entidade.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DEL ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

**SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE SERVIZOS
SOCIAIS PARA O ANO 2022****Declaración doutras axudas (Anexo V)**

Don/Dona _____ con NIF _____ en
calidade de presidente/a ou representante legal da entidade _____
_____ solicitante das axudas do Concello de
Redondela para o desenvolvemento de programas de servizos sociais para o ano 2022 en
relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de
resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das
entidades vinculadas ou dependentes,

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Axudas concedidas:

- ☐ Non se me concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade.
- ☐ Si, concedéuseme axuda para esta mesma finalidade.

Entidade que concede a axuda	Importe

Axudas solicitadas:

- ☐ Non se solicitou ningunha outra axuda para esta mesma finalidade.
- ☐ Si, solicitouse axuda para esta mesma finalidade.

Entidade que concede a axuda	Importe

E para que así conste, para os efectos oportunos, firma o/a presidente/a ou representante legal
da entidade

Redondela, _____ de _____ 202_

Fdo.: A/o Presidenta/e ou representante legal da entidade.



Luns, 28 de novembro de 2022

Núm. 227

**CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O
DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2022**
Xustificación: Declaracións responsables (Anexo VI)

Entidade	
CIF	

Representante			
NIF			
Dirección			
Código postal		Teléfono/Fax	
Correo electrónico			

DECLARACIÓNS:

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade que represento é unha entidade sen ánimo de lucro.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que nin a persoa firmante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningunha das súas persoas administradoras ou representantes, se atopan incursas en suposto ningún aos que se refire o Artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións Públicas e/ou os que enumera o Artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia,

DECLARO RESPONSABLEMENTE que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas ou tratarse de calquera dos cargos efectivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, nos termos que a propia Lei establece.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica, coa Recadación Municipal e coa Seguridade Social.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade se atopa inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos exixidos para as subvencións do Concello de Redondela son exactas e non experimentaron variación.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que no cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, non ter incumprida ningún deber por reintegro de subvencións.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que se cumpriron as finalidades da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida, e que aparecen descritas na Memoria que se achega (Anexo VI).

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade ten debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ben ten solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben presentou unha renuncia por escrito.

AUTORIZO ao órgano que xestione a subvención a recabar os datos que obren en poder da administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Redondela, _____ de _____ de 202__

Fdo.: A/o Presidenta/e ou representante legal da entidade.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DEL ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Núm. 227

Designación de conta bancaria e comunicación de baixa de datos bancarios
(Anexo VII)

Nome			
CIF			
Dirección			
Código postal		Teléfono/Fax	
Correo electrónico			

Nome e apelidos	
NIF	

[illegible][illegible]

Fdo.: A/o Presidenta/e ou representante legal da entidade.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DEL ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Puede verificar la integridad deste documento no seguinte endereço:
<https://sede.depo.gal>
 Código seguro de verificación: WSOWP708OKOT23XJ

